

Queixas

Encontro de voces femininas

XABIER RON

Unha voz necesita das demais para ser e ter identidade. Para Bakhtin a voz era un dialóxico mosaico de referencialidade. Insírese no universo textual como unha raíz no solo á procura da súa enerxía e alento e emerxe para buscar a luz. Tanto Aurora Marco (a editora) como Áurea Lorenzo Abeijón (a poetisa) simbolizan moi ben a imaxe da raíz. As dúas son voces femininas. A de Aurora é unha voz actual que quiere recuperar do esquecemento e da (des)memoria as voces femininas que, como ela, contribúen a darlle forma ao texto da Cultura Galega. A de Áurea é unha voz recuperada, unha voz que tivo a necesidade de expresarse en galego —foi a primeira en facelo despois da Guerra Civil— no ano 1943, data do poemario que hoxe presentamos, *Queixas*.

A edición presenta dúas partes: unha pequena introdución e a edición do poemario. Na introdución coñecemos os principais aspectos biográficos da poetisa, nada o 28 de xullo de 1904 en Beneso (Porto do Son). Dotada de gran sensibilidade, Áurea "miraba polas cousas doutra maneira. Era distinta a nós", segundo pensan as irmás (p. 17). Áurea emigrou a Arxentina en 1922 e morreu entre 1994 e 1995. No último apartado da introdución analízase a súa obra literaria (pp. 23-27), que vive principalmente en *Queixas*

(1943), pero tamén no seu poemario en castelán, *Campanas del Cielo* (1956). Esta última parte quédase un tanto reducida, demasiado condensada. A introdución complementábase con dous anexos, un con correspondencia epistolar da poetisa, o outro con material fotográfico. En vintenove poemas, *Queixas* retrata a traxectoria vital

dunha muller emigrante. A lembranza da Galiza, xa que "ali morre todo o mal" (poema 1), roe a alma da poetisa. Áurea asume a entoación lírica de Rosalía de Castro, homenaxeada no poema 24, pero a poetisa do Rexurdimento emerxe, convocada pola queixa intimista de Áurea, en moitos poemas. Queixa que se converte en epitafio poderoso e resumo da traxectoria vital da poetisa: "¡Vida,

rompe iste silencio! / ¡Dame un segundo comenzo!" (poema 10). É é que as dúas mulleres levan no seu corazón máis dun cravo.... O estilo rosaliano, o paisaxismo, a evocación dos costumes máis queridos e, ao mesmo tempo, máis mitificados, dan forma aos versos da poetisa de Beneso, cuxa voz podemos escoitar agora con máis claridade.

LORENZO ABEIJÓN, A., *Queixas* (ed. Aurora Marco), Ed. Toxosoutos, Noia, 2004, 95 páxinas.

